



Bases dos Premios SELIC de creación literaria 2022

Primeira

Co obxecto de incrementar a presenza de Santiago de Compostela na literatura escrita en galego, o Concello de Santiago de Compostela convoca un premio e dous accésits para obras escritas en galego nos xéneros de narrativa, poesía, teatro e ensaio.

O prazo de presentación das obras abrirase ao día seguinte da publicación da convocatoria no BOP.

Segunda

O premio terá unha dotación de 6.000 euros e un accésit de 1.500 euros.

Os textos deberán ser inéditos e terán a cidade de Santiago de Compostela como marco da acción ou referencia fundamental da obra. Os premios conlevan a publicación na colección SELIC que edita o Concello de Santiago, renunciando os autores/as a percibiren dereitos de autoría por esta publicación.

Terceira

As obras que opten aos premios deberán ter as seguintes extensións: narrativa e ensaio un mínimo de 150.000 caracteres (incluídos espazos), poesía un mínimo de 300 versos e teatro un mínimo de 50.000 caracteres (incluídos espazos). Os premios estarán suxeitos ás retencións fiscais que correspondan.

Cuarta

O xurado estará composto por cinco persoas representativas do sistema literario galego. Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un/ha funcionario/a do Concello de Santiago de Compostela.

Quinta

O xurado poderá declarar desertos os premios e non terá en consideración aqueles orixinais que non se axusten estritamente ás presentes bases nin os que foran premiados noutros certames literarios.

Sexta

O prazo de recepción de orixinais remata o 10 de setembro de 2022. Remítanse ao Teatro Principal (Rúa Nova 21, 3º. 15.705 Santiago de Compostela).



Sétima

A obra orixinal achegarase en arquivo dixital con formato doc, docx ou odt. nun lápis de memoria e un exemplar en papel. Acompañarase dun sobre pechado identificado mediante lema ou pseudónimo que conterá: Título da obra, nome e apelidos do/a autor/a, domicilio, DNI, breve currículo, correo electrónico e teléfono de contacto.

Oitava

O veredicto do xurado será inapelable e farase público no mes de decembro de 2022.

Novena

Os orixinais serán custodiados durante un mes no Teatro Principal de Santiago para que os participantes que queiran poidan recollelos. Tamén poderán ser devoltos por mensaxería a portes debidos.

Décima

A participación nos Premios SELIC de creación literaria supón a aceptación das presentes bases.

Santiago de Compostela, maio de 2022

Xosé Antonio Sánchez Bugallo.

Alcalde de Santiago de Compostela